Resolución da Dirección Xeral de Xustiza sobre o goce das vacacións e permisos por asuntos particulares correspondentes ao ano 2026 do persoal funcionario ao servizo da Administración de Xustiza en Galicia

O artigo 503.1 da Lei Orgánica do Poder Xudicial recoñece aos funcionarios dos Corpos Xerais e Especiais da Administración de Xustiza o dereito a iguais permisos e coa mesma extensión que os establecidos na normativa vixente aplicable ao persoal funcionario da Administración Xeral do Estado, con excepción do permiso por asuntos particulares que terá unha duración de nove días.

Neste ano 2026, a implantación da nova aplicación informática de xestión procesual ATENEA, condiciona a planificación dos días de vacacións e asuntos particulares pendentes de gozar. Así o teñen solicitado varias organizacións sindicais en Mesa Sectorial, polo que oídas as organizacións sindicais, **ACORDO**:

Ampliar o período de goce ata o **31 de marzo de 2027 das vacacións e días de permiso por asuntos particulares correspondentes ao ano 2026** para a totalidade do persoal funcionario ao servizo da Administración de Xustiza en Galicia.

José Tronchoni Albert
Director Xeral de Xustiza

Asinado por: TRONCHONI ALBERT, JOSE FRANCISCO
Cargo: Director Xeral
Data e hora: 23/11/2026 15:02:41

DIRECCIÓN XERAL DE XUSTIZA
Rúa Madrid, 2-4, 2ª planta
Polígono de Fontiñas
15781 Santiago de Compostela
T. 981 546217

As copias en papel deste documento teñen condición de copia e serán verificables a través deste código.
CVE: 3S9R07DISKc6 https://sede.xunta.gal/cve